

FRACTURA Nº 3

<http://grupodeaxitacionsocial.blogspot.com/> ABRIL 2013

Dende o chamado “inicio da crise” estamos sometidas a un ataque continuo en forma de recorte de prestacións e dereitos que nos están retrotraendo a unha situación de precariedade e explotación que foran superadas xa, en certa medida, por anteriores xeracións. O “estado de shock” reinante, provocado no noso entorno pola “crise”,

permite que este proceso de ataque e derrubamento se estea a levar a cabo a gran velocidade e sen maior oposición. A batería de “medidas de axuste” que se están a implantar non son medidas improvisadas de urxencia para afrontar unha situación inesperada. Todas elas están na axenda do poder dende hai moito tempo.

A privatización daqueles servizos rendibles e desmantelamento dos que non o son é un dos principios constituíntes da Unión Europea, así como o abaratamento da man de obra mediante a desregularización e precarización do mercado de traballo, plasmadas nunha reforma laboral agardada hai tempo pola patronal.

E non son medidas illadas, senón que están planificadas en conxunto e por iso así queremos amosalas. O obxectivo é despois de recorrer ao mercado para cubrir as nosas necesidades. Obrígasenos deste xeito, a ter que pasar previamente polo mercado de traballo, tendo que aceptar as súas condicións por inaceptables que sexan.

EDUCACIÓN

- * **Aumento** dun 15% de alumnas/os por clase.
- * **Peche** de centros.
- * Redución na **contratación** de interinas/os.
- * Redución dos **programas de apoio** a alumnas/os con dificultades.
- * Non se cubrirán **baixas** de 2 semanas do profesorado
- * Supresión de **bolsas** para libros.
- * Suba do **66%** das **taxas** universitarias no 1º ano e maior nos seguintes.
- * Incumprimento do **dereito** á educación na lingua propia, reimplantación da relixión, etc.
- * Redución do **gasto en educación** no 2012-2013 do **31%**.
- * Mantemento e mellora dos **concertos** cos centros privados.

TRANSPORTE

- * A partir do 31 de xullo de 2013 **liberalízase** o transporte ferroviario de pasaxeiros/os.
- * O Goberno autorizou ás concesionarias dos servizos públicos de transporte unha **suba** extraordinaria de ata o 6% para o 2013.
- * **Privatización** de transporte público nas cidades que o manteñen.
- * Privatización de AENA, previo “saneamento” mediante **EREs**.

POLÍTICAS SOCIAIS

- * **Reforma da constitución** a finais do 2011 para incluír o **pagamento da débeda** e os seus **intereses** como **prioridade ABSOLUTA** na elabo-

ración dos presupostos do estado e as distintas administracións, por diante polo tanto de calquera gasto destinado a garantir o benestar ou tan só as necesidades básicas da poboación.


- * O estado retira o financiamento ao **plan concertado** a través do cal subvencionaba servizos sociais dos concellos que sosteñen as axudas a domicilio, teleasistencia, comedores, albergues, etc.
- * Endurecemento dos requisitos para percibir a **RISGA** en relación ao gran aumento da súa demanda.
- * Aplicación no 2013 do recorte do 15% no presuposto para **dependentes** e paralización da incorporación de novas/os beneficiarias/os.

LABORAL

- * Idade de xubilación aos **67 anos**.
- * Cálculo da xubilación sobre os últimos 25 anos traballados. Poderá supor unha **perda** de ata o 30% da remuneración que correspondería.
- * **Despedimento rápido e barato**. Pasa a ser procedente por norma xeral (20 días de indemnización por ano cun máximo de 12 mensualidades) incluso por baixas xustificadas. De consideralo improcedente será o/a traballador/a quen teña que denunciar no xulgado e demostralo.
- * **EREs** xeralizados e en empresas con beneficios. Agora tamén por causas “productivas” e sen autorización administrativa. Coa reforma aumentaron un 70%.
- * Maiores atribucións ás **ETTs** e axencias privadas de colocación.
- * **Flexibilidade absoluta**: facilítase que as empresas poidan baixar os salarios, ampliar a xornada, modificar o horario e a distribución do tempo de traballo, aplicar mobilidades funcionais, etc.
- * Ataque á **negociación colectiva** para romper as posibilidades de defensa común: O convenio colectivo de empresa ten prioridade absoluta fronte aos sectoriais. Facilítase o “*descuelgue*” no referente ao salario e condicións de traballos. Imponse a ultractividade: se nun ano non se negocia o novo convenio este decae e pásase ao de rango superior, ou ao Estatuto.
- * **Baixada de salarios** no sector privado e público.
- * **Conxelación de contratacións** no sector público e perda de dereitos adquiridos (descansos, pagas, etc.)
- * Persecución das persoas **paradas**, establecendo requisitos para cobrar a prestación que lles corresponde e redución da base reguladora do 60 ao 50% para o seu cálculo.

SANIDADE

- * A asistencia sanitaria **xa non é universal**. A poboación inmigrante é a primeira en perder a cobertura.
- * **Privatización** de hospitais como o de Vigo e centros de atención primaria.
- * **REpago** de ambulancias, próteses e receitas.
- * Retirada da cobertura de certos **servizos e medicamentos**.
- * **Peche** de especialidades e unidades de atención (urxencias en centros de saúde, etc.).
- * Recorte de **presupostos**: en 2013 a atención primaria en Galiza perde 63 millóns de euros.
- * Nova lei da Xunta para derivar operacións á privada no caso de que se superen os 60 días de listaxe de espera. A/o paciente deberá **asumir o custe da operación** por adiantado.



Instrucións de uso para unha correcta e total explotación:

1. *Crear as condicións necesarias para que o noso labor resulte o máis sinxelo e cómodo posible: empregar o **medo** como mellor ferramenta de traballo.*
 2. *Exercer unha **presión continua e crecente** dende todos os ángulos. É importante eliminar todos os obstáculos que poidan actuar como amortecedores.*
 3. *Unha vez moldeada, a peza xa está lista para inserirse plenamente na engrenaxe.*
- Importante: evitar que se produza calquera agregación das pezas que poida provocar a rotura da engrenaxe.**

IMPOSTOS E PREZOS

- * Segundo a OCDE, o español é o estado dos considerados desenvolvidos no que **máis subiron os impostos** nos últimos 35 anos.
- * **IVE** de tipo xeral do 21% (hai dez anos era do 16%) e un I.V.E. “reducido” dun 10% sobre produtos básicos da cesta da compra como os cereais, o sal, compresas, etc.

- * Unha sentenza do tribunal europeo ven de condenar o estado español a retirar certo **material sanitario** do I.V.E. superreducido, polo que, entre outros, os equipos médicos ou substancias para a fabricación de medicamentos pasarán ao 21%.
- * Suba do prezo de recursos básicos como a **auga e a luz**. A tarifa da luz disparouse un **50%** dende o 2007.

A tarifa dun fogar medio é de 880 euros. Privatización da auga onde aínda non o está.

- * Suba na tarifa do **teléfono**.
- * Incremento de **peaxes** de autopistas e autovías estatais e autonómicas.
- * Incremento das **taxas xudiciais**.
- * Privatización de **rexistros civís** e pago por obter certificados, etc...

CODIGO PENAL

- Para protexerse fronte á posible resposta ante estes ataques, endurecese o código penal no relativo á “disidencia”.
- * Ampliase o delito de **atentado** á autoridade.
 - * Agrávase a pena de **alteración da orde pública**.
 - * Extensión das **penas multa**.